
Estimulación da linguaxe

Os nenos e nenas pasan a maior parte do seu tempo na casa, polo que é primordial, ademais do traballo que se realiza no cole, estimular a linguaxe en todos os entornos nos que o neno participe. As pautas expostas a continuación agardamos que poidan axudar a desenvolver a linguaxe no contexto familiar.



– Fálalle amodo e de forma clara, estando sempre á súa mesma altura e mirándolle sempre aos ollos para centrar a súa atención.

– Facílitalle un modelo correcto; non imites a súa forma de falar infantilizando a linguaxe, nin rías dos seus erros, simplemente ofrécelle a corrección de forma natural.

– Infórmalle do lugar onde se gardan as cousas; traballarás linguaxe e hábitos de orde e axudarás a que o neno estructure os lugares por onde se move, facilitando a súa autonomía.

– Ensínalle cancións e xoga a imitar sons da contorna (de animais ou persoas), ensinándolle de onde proceden e animándolle a imitalos.

– Aproveita para ver con el debuxos animados e preguntarlle polos personaxes, como se chaman, que fan... Analiza con el os contidos dos programas que ve para que sexa crítico e saiba distinguir as boas condutas das malas, aprenda o interesante e rexeite o inconveniente.

– Fomenta o xogo simbólico: que xogue a peitear bonecas, a conducir, a coidar aos animais da granxa..

– Xoga a facer movementos cos beizos, como poñer morritos, dar bicos, facer pedorretas, soprar papeis pequenos tipo confeti, lamerse os beizos, sacar a lingua fóra da boca, subila ata o nariz... É importante fortalecer os músculos que interveñen no fala, pero aínda o é máis facerlle consciente de todas esas partes do seu corpo, para favorecer que comece a utilizalas e a darlles funcionalidade.



– Verbaliza non só ordes e demandas, senón tamén sentimentos, sensacións, experiencias, etc.

– Fomenta a autonomía persoal, evitando condutas de sobreprotección e deixando que se equivoque e aprenda dos seus erros.

– Inclúe nos teus enunciados un maior número de peticións de información que de acción, para estimular que o neno fale. É dicir, non te limites a pedirlle que faga algo; pregúntalle que quere facer, ou como quere facelo para que non se limite a acatar ordes, senón que exprese necesidades ou desexos e sinta a necesidade de falar e comunicarse.

– Sempre que o neno inicie unha conversación, tenta que esta se manteña o maior tempo posible. Se falades, por exemplo, do que fixestes a fin de semana, continúa comentando “acórdasche do que fixemos despois? quen veu? e que fixeches con el...? etc.

– Se ao neno cústalle estruturar correctamente as oracións, ofrécelle o modelo correcto, pero tomando aquilo que dixo e repetíndollo correctamente achegando nova

información. (Exemplo: “e o seu aseta papa?” → Si, é a camiseta vermella de papá, que bonita!”).

– Adapta a lonxitude dos teus enunciados á capacidade do neno. Non é conveniente dar ordes demasiado longas e difíciles de entender, do tipo “agora imos gardar a roupa, e despois imos cear para que nos dea tempo de deitarnos temperán”. É preferible ir enunciando as cousas aos poucos, con enunciados máis simples e directos do tipo “garda a roupa”. Tamén é recomendable non dar ordes contraditorias, por exemplo pedirlle que nos dea o pantalón e, se tarda demasiado, pedirlle que se quite a camiseta. O ideal é repetir a orde ata que realice, e se non o fai, facilitarlle as axudas necesarias (darlle un modelo, iniciar a acción etc.), pero nunca pedirlle varias cousas á vez porque con isto conseguiremos que o neno non comprenda que é o que esperamos que realice.

– Aproveita os momentos cotiáns, como o baño, as comidas, as visita de familiares etc. para falarlle, explicarlle que está a pasar, con quen está, onde vai ir, que vai ver etc. Anticipar e darlle pautas sobre as cousas novas favorece a seguridade do neno, e axúdalle a adquirir vocabulario novo e a mellorar a comprensión. Ademais, o momento do baño, ou cando vístese e desvístese, son momentos idóneos para nomear obxectos, pezas de vestir, partes do corpo etc., que irá adquirindo de forma natural e progresiva.

– Lelle algo todos os días. Os contos con imaxes (animais, alimentos, profesións, estacións do ano...) son ideais para estimular o desenvolvemento léxico. Ademais, é conveniente facerlle partícipe cando sinale algún debuxo e/ou viñeta, realizando preguntas pechadas de si/non (está contenta a nena...?) e pedíndolle que imite (“mira como ri a nena! A ver ti como o fas...”).

– Dálle tempo para que responda as túas preguntas; non lle atosigues porque che pareza que vai lento, cada cal ten o seu ritmo de fala e non todos os nenos desenvolven a linguaxe por igual.

– Sinala ou marca quendas de intervención do neno. Tenta que o teu fillo/para respecte as quendas de comunicación, para o que podes xogar cunha frecha de papel que sinale a quen lle toca participar para facilitarlle esta tarefa e tranquilizar a ansiedade que pode provocarlle non saber cando lle toca falar a el.

– Repite a túa mensaxe tantas veces como sexa necesario, pero sempre de forma paciente e natural.

– Axúdalle a que teña un maior contacto coa súa contorna social e natural, e lembra que o nivel de esixencia ten que estar acorde á súa idade e as súas posibilidades reais; non podemos esixirlle cousas que o neno aínda non está preparado para facer, nin comparalo con outros nenos e esixirlle que sexa como eles.

– Adopta unha actitude positiva fronte ao neno, reforzando e felicitándolle #ante os seus progresos. Hai que evitar estratexias ou correccións que teñan unha connotación negativa, como “ata que non mo digas non cho dou”.

– E, sobre todo, valora os seus pequenos avances e refórzaos de maneira positiva.